



### **Política de Xestión Integrada**

A Dirección é consciente do compromiso que representa xestionar recursos naturais e, por iso, considera que a participación nesta xestión debe contribuír á calidade de vida das persoas e a xerar valor para os grupos de relación.

A visión empresarial da empresa é a de ser considerados unha organización de referencia nas áreas de actividade nas que participa, aplicando a excelencia, a innovación, o diálogo, o desenvolvemento dun negocio sostible e desenvolvemento local como valores corporativos de referencias.

Para conseguir estes fins, implantouse un Sistema de Xestión Integrada que aporta valor á organización e proporciona un marco de referencia para establecer obxectivos nos seguintes ámbitos:

- Xestión de calidade, segundo a ISO 9001
- Seguridade e saúde laboral, segundo a ISO 45001
- Xestión ambiental, segundo a ISO 14001
- Requisitos xerais para á competencia dos laboratorios de ensaio e calibración, segundo a ISO 17025

Ademais para o seu progreso prevense os seguintes principios de xestión de acordo cos tres eixos directores do desenvolvemento sostible.

#### **SOCIAL**

- Afondar no coñecemento das necesidades e expectativas dos clientes e outros grupos de relación, considerándoas na determinación de riscos e oportunidades e no establecemento das estratexias, plans e obxectivos, orientados a aumentar a súa satisfacción e o valor compartido.
- Asegurar a calidade dos servizos, tendo en conta que satisfagan os compromisos adquiridos cos clientes e outros grupos de relación, e sexan coherentes coas diversas necesidades locais.
- Facer partícipes os nosos provedores, contratistas e outros colaboradores na responsabilidade e o compromiso recíproco de acordo cos principios establecidos nesta política.
- Desenvolvemento das actividades establecendo como valor fundamental a seguridade e saúde das persoas.
- Promover o compromiso das persoas, en todas as súas funcións e responsabilidades, coa súa seguridade e a dos demais.
- Promover un entorno saudable e inclusivo, e implicarse na formación e o desenvolvemento profesional do plantel.
- Asegurar o cumprimento dos compromisos subscritos, legais e regulamentarios aplicables aos produtos e servizos xestionados.

#### **AMBIENTAL**

- Protexer o medio ambiente e previr a contaminación, respectar a biodiversidade e mellorar o desempeño medioambiental da organización, mediante a revisión dos aspectos ambientais, programas de mellora e sensibilización do persoal.
- Promover un uso eficiente e sostible dos recursos naturais e enerxéticos, mediante inversións con conciencia e proporcionando a información e os recursos necesarios para contribuír a redución dos impactos ambientais e a loita contra o cambio climático.
- Apoiar a compra de produtos e servizos eficientes enerxéticamente e deseño para mellorar o desempeño enerxético.
- Colaborar coas administracións, organizacións e entidades enerxéticas públicas e privadas co obxectivo de promover actuacións encamiñadas á mellora medioambiental.

#### **EFICIENCIA**

- Optimizar o funcionamento dos procesos a través da calidade, a eficiencia e a mellora continua, potenciando a homoxeneización, a busca de sinerxías e innovación e asegurando tamén unha comunicación eficaz entre os diferentes partes interesadas.
- Previr e reducir o impacto dos incidentes que poidan afectar a continuidade dos procesos críticos da organización.
- Asegurarase que esta política será difundida, entendida e aceptada na organización co fin de que se converta en un factor diferencial fronte aos competidores e contribúa o logro dos compromisos nela mencionados.
- Apoiar na súa totalidade o sistema de calidade e realizar unha revisión constante da política e dos obxectivos de calidade, abordando a competencia, a imparcialidade e a operación coherente do laboratorio e asignando tódolos recursos necesarios para levar a cabo unha boa xestión.
- Compromiso coa imparcialidade asegurando que as actividades do laboratorio non están sometidas a presións comerciais, financeiras ou de outra índole que poidan comprometer dita imparcialidade.

As liñas relativas o desenvolvemento sostible e seguridade e saúde laboral desenvolveranse en políticas específicas,